

Orde do 5 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2009.

O Estatuto de autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma galega para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu preámbulo, atribúe a responsabilidade do éxito escolar ao alumno/a individualmente, pero tamén ao apoio das familias, do profesorado dos centros docentes, das administracións educativas e da sociedade no seu conxunto, xa que é esta a responsable última da calidade do sistema educativo.

A disposición adicional décimo quinta desta lei establece que corresponde ás administracións educativas establecer o procedemento para o uso dos centros docentes que dependan delas por parte dos concellos fóra do horario lectivo para a realización de actividades educativas, culturais, deportivas ou sociais, así como que este uso quedará suxeito ás necesidades derivadas da programación das actividades dos devanditos centros.

O Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, enumera, dentro das súas funcións, o deseño e a elaboración de programas de mellora dos recursos educativos complementarios.

Por outra parte, cabe sinalar que o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece como competencia propia dos concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, a promoción de toda clase de actividades e a prestación de servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, engadindo, nese mesmo artigo, que exercerán as competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas, e nas de ocupación do tempo de lecer e o turismo.

Así mesmo, un dos principios básicos da autonomía dos centros é a posibilidade de utilizar as súas instalacións como recursos para a realización de actividades deportivas, artísticas e de estudo dentro dun concepto de servizos complementarios que mellore a oferta educativa.

Coa utilización das instalacións do centro, preténdese favorecer o desenvolvemento de actividades que proporcionen unha formación integral ao alumnado. Así mesmo, procurarase que o alumnado acadará unha optimización dos tempos extraescolares

para a adquisición das competencias básicas que lles exige a sociedade actual, ao tempo que se promove o esforzo compartido de toda a comunidade educativa de cara ao fomento do éxito escolar e á redución do abandono temperán dos estudos da nosa mocidade.

Ao abeiro do convenio de colaboración subscrito o 23 de decembro de 2008 entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Comunidade Autónoma de Galicia para o plan de apoio á implantación da LOE, prevense actuacións dirixidas ao fomento do éxito escolar e accións de orientación e reforzo para reverter o fracaso escolar en alumnado con dificultades non detectadas ou detectadas tardiamente e escaso aprecio pola aprendizaxe. Tales accións desenvolveranse a través de convocatorias dirixidas aos centros educativos ou ben a concellos que se acollan ao programa.

Así pois, para dotar de eficacia o mencionado nos parágrafos anteriores, establécese nesta orde un programa de axudas económicas dirixidas aos concellos coa finalidade de financiar, apoiar e potenciar a apertura de centros educativos fóra do horario lectivo.

Polo exposto, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases e convocar subvencións para os concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento do desenvolvemento do programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo, a través das seguintes modalidades:

- a) Modalidade A: apoio a actividades saudables e de habilidades persoais.
- b) Modalidade B: apoio á mellora do éxito escolar.
- c) Modalidade C: prevención e intervención ante o absentismo e abandono temperán dos estudos.
- d) Modalidade D: actividades de conciliación da vida familiar en períodos non lectivos.

2. A participación nesta convocatoria implica desenvolver obrigatoriamente actividades das tres primeiras modalidades (A, B e C) e opcionalmente da modalidade D.

Artigo 2º.-Financiamento orzamentario.

1. As solicitudes de axuda reguladas nesta orde serán atendidas con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- a) Mod. A: 757.230 € con cargo á aplicación 09.01.423A.460.0.
- b) Mod. B: 1.080.000 € con cargo á aplicación 09.02.423B.460.1.

c) Mod. C: 567.864 € con cargo á aplicación 09.02.423B.460.0.

d) Mod. D: 552.136 € con cargo á aplicación 09.01.423A.460.0.

2. O importe solicitado non poderá exceder o 80% do orzamento de cada unha das modalidades recollidas no proxecto presentado.

3. No caso de que non se chegase a adxudicar a totalidade do orzamento da modalidade D, pasaría a engrosar o atribuído á modalidade A.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios deste programa todos os concellos de Galicia que contén no seu termo municipal con un ou máis centros docentes públicos e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

2. En virtude do previsto no parágrafo 2º do artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as agrupacións de concellos indicarán en anexo á súa solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. O anexo deberá ser suscrito por quen exerza a representación legal da agrupación solicitante.

Artigo 4º.-Actividades subvencionables.

Deberán solicitar obrigatoriamente a participación polas modalidades A, B e C, e opcionalmente pola D. Dentro de cada unha das modalidades poderán realizarse as actividades que desenvolvan os aspectos e que se axusten aos requisitos que se recollen a continuación:

1. Modalidade A: apoio a actividades saudables e de habilidades persoais.

Deberán seleccionar, como mínimo, un dos ámbitos que se indican a seguir:

-Cód. A1. Apertura de centros antes do horario lectivo.

-Cód. A2. Actividades para os tempos de comedor escolar.

-Cód. A3. Actividades posteriores á finalización do horario lectivo.

Requisitos:

-Contidos das actividades:

*Lúdico-creativos (poderán realizarse en lingua estranxeira).

*Promoción de hábitos saudables.

*Comportamentos adecuados nos tempos de almorzo e xantar.

*Habilidades sociais, autoestima e autonomía persoal.

-Destinatarios:

*Alumnado do centro educativo dos niveis de educación infantil (EI) e educación primaria (EP).

-Lugar de realización:

*Cada un dos centros educativos.

-Datos de realización:

*Períodos escolares (8 xaneiro-20 de xuño e 10 de setembro-15 de novembro).

-Horario:

*Anterior e/ou posterior ao lectivo e/ou período do comedor escolar.

-Gastos imputables:

*Persoal e material.

-Gastos excluídos:

*Transporte, alimentos, enxoval de cociña e/ou comedor; formación do persoal e/ou familias.

2. Modalidade B: apoio á mellora do éxito escolar.

Deberán seleccionar, como mínimo, tres dos ámbitos dos que se indican a continuación:

-Cod. B1: aulas de acompañamento e reforzo educativo.

-Cod. B2: competencia matemática.

-Cod. B3: competencia lingüística.

-Cod. B4: competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

-Cod. B5: competencia dixital.

-Cod. B6: competencia cultural e artística.

-Cod. B7: competencia social e cidadá.

-Cod. B8: competencia en aprender a aprender.

-Cod. B9: autonomía e iniciativa persoal.

Requisitos:

-Contido das actividades:

*As aulas de acompañamento e reforzo educativo estarán dirixidas ao alumnado que presenta dificultades relacionadas coa ausencia de hábitos de traballo, escaseza de motivación, atraso no proceso de maduración persoal, aprendizaxe deficiente das áreas instrumentais e que por diversos motivos non pode recibir o apoio e reforzo que precisa no seo da súa familia. Pretende reforzar as competencias básicas, mellorar as habilidades e actitudes asociadas á lectura, reforzar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, alentar o estudo e propoñer formas de traballo escolar eficaces.

*As actividades dirixidas á adquisición de competencias básicas por parte do alumnado versarán sobre os aspectos e empregarán a metodoloxía que se indica no anexo I do currículo da educación primaria e no currículo da educación secundaria obrigatoria (Decreto 130/2007, do 28 de xullo, polo que

se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria en Galicia), dispoñible en <http://www.edu.xunta.es>, sección lexislación e/ou publicacións.

-Destinatarios:

*Alumnado de 3º ciclo de educación primaria (EP) e da educación secundaria obrigatoria (ESO).

-Lugar de realización:

*Nos centros educativos ou nos locais que favorezan a asistencia do alumnado.

-Datas de realización:

*Do 1 de xaneiro ao 15 de novembro.

-Horario:

*Posterior ao horario lectivo.

-Gastos imputables:

*Persoal e material.

-Gastos excluídos:

*Transporte, festivais, representacións teatrais e outros non directamente relacionados con cada unha das actividades.

3. Modalidade C: prevención e intervención ante o absentismo e abandono temperán dos estudos.

Deberán seleccionar, como mínimo, un dos ámbitos que se recollen a continuación:

-Cód. C1: actuacións dirixidas á prevención e intervención ante o absentismo escolar.

-Cód. C2: asesoramento e orientación para o retorno educativo.

-Cód. C3: redes de apoio multidisciplinares para a resolución pacífica de conflitos.

-Cód. C4: habilidades sociais.

Requisitos:

Contido das actividades:

-Dinamización da elaboración de protocolos de actuación conxunta (centros educativos do concello, servizos sociais, ANPA...), coa finalidade de establecer accións ante o absentismo escolar e reducir o abandono temperán.

-Dar a coñecer vías que permitan o retorno ao sistema educativo. Asesoramento ao alumnado e ás familias sobre alternativas tales como ensino de adultos, a distancia, programas de cualificación profesional inicial (PCPI).

-Establecemento dun punto de información de vías e opcións de estudos; bolsas de estudos e outras posibles axudas.

-Establecer medidas que supoñan intervencións conxuntas ou interdisciplinares sobre todas aquelas

problemáticas que, de xeito individual ou colectivo, poden ocasionar absentismo ou fracaso escolar.

-Obradoiros de comunicación: acceso e procura da información, uso correcto de impresos, solicitudes, formularios, reclamacións e outros documentos que supoñan unha xestión administrativa.

-Destinatarios:

*Mozos e mozas de 16 a 24 anos.

-Lugar de realización:

*Nos centros educativos ou nos locais que favorezan a asistencia do alumnado.

-Datas de realización:

*Do 1 de xaneiro ao 15 de novembro.

-Horario:

*Posterior ao horario lectivo.

-Gastos imputables:

*Persoal e material.

-Gastos excluídos:

*Transporte, festivais, representacións teatrais e outros non directamente relacionados con cada unha das actividades.

4. Modalidade D: actividades de conciliación da vida familiar en períodos non lectivos.

Opcionalmente poderase seleccionar, sempre e cando propuxesen actividades das modalidades A, B e C.

-Cód. D1: Actividades lúdico-deportivas.

-Cód. D2: Actividades de promoción da autonomía persoal.

-Cód. D3: Actividades de fomento da creatividade.

Requisitos:

-Contidos das actividades: poderán desenvolverse en lingua estranxeira.

*Lúdico-deportivas.

*Habilidades sociais, autoestima e autonomía persoal.

*Actividades de fomento do pensamento creativo dos ámbitos lingüístico, artístico, social e científico-matemático.

-Destinatarios:

*Alumnado dos niveis de educación infantil (EI) e educación primaria (EP).

-Lugar de realización:

*Nos centros educativos ou locais que favorezan a asistencia do alumnado.

-Datas de realización:

*Períodos non lectivos: vacacións e/ou fins de semana.

-Horario:

*Pedagoxicamente adecuado ás idades do alumnado e que favoreza a conciliación familiar.

-Gastos imputables:

*Persoal e material.

-Gastos excluídos:

*Transporte, formación do persoal e/ou familias, actuacións e representacións.

Os concellos garantirán a conservación das instalacións educativas das cales fagan uso, contarán cunha persoa coordinadora xeral do programa para o conxunto dos centros participantes e porán á disposición da comunidade educativa os medios precisos para o desenvolvemento das actividades que se leven a cabo no período comprendido desde o 1º de xaneiro ata o 15 de novembro de 2009.

Artigo 5º.-*Proxecto de actuación.*

Presentarase un proxecto de actuación que incluírá obrigatoriamente, e na seguinte orde:

1. Datos identificativos do concello, existencia ou non de consello escolar municipal e relación de actividades por cada unha das modalidades para as cales solicita subvención (obrigatorio para modalidades A, B e C; opcional para a modalidade D).

2. Vinculación das actividades propostas coa problemática do contexto e/ou do contorno e coas características do alumnado.

3. Por modalidades, descrición en detalle das actividades que se van desenvolver.

4. Número de centros que van participar, número de alumnado total e número de alumnado cuxa participación se estima.

5. Lingua empregada no desenvolvemento das actividades.

6. Distribución ao longo do ano das actividades, listadas por meses.

7. As canles, recursos e medios de difusión, comunicación e sensibilización á comunidade educativa dos obxectivos e accións do proxecto.

8. A planificación da avaliación do propio proxecto para analizar o grao de consecución dos obxectivos previstos e proposta de mellora.

9. A cualificación do persoal proposto tanto para coordinación do programa como para execución das distintas accións.

10. Os mecanismos de coordinación cos centros educativos de procedencia do alumnado e o concello.

Artigo 6º.-*Ficha de actividades.*

Para facilitar o tratamento das actividades solicitadas, debe presentarse unha ficha, segundo o modelo que figura no anexo II, con todos os campos cuber-

tos, por cada unha das actividades para as cales se solicite subvención.

As fichas serán valoradas pola comisión e cualificadas en función dos ítems que se recollen; aquelas actividades que non acaden 5 puntos non poderán ser propostas para subvención.

Artigo 7º.-*Solicitudes e documentación necesaria.*

1. As solicitudes, segundo o modelo de instancia, e mais os anexos que figuran nesta orde, xunto coa documentación xustificativa correspondente, dirixiranse á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e presentaranse na oficina de Rexistro único e información (edificio administrativo San Caetano, s/n, en Santiago de Compostela), ou nos lugares que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. En cumprimento do previsto polo artigo 14.1º ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, mediante a presentación da solicitude de subvención a entidade solicitante presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que esta inclúa e faga públicos nos referidos rexistros e páxina web os datos relevantes relativos ás subvencións recibidas e ás sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse.

3. Xunto coa solicitude, segundo o anexo I, deberá presentarse a documentación que se indica a continuación:

a) Proxecto da actuación, axustado aos puntos indicados no artigo 5º. Presentarase unha copia en papel e outra en soporte óptico.

b) Fichas individuais de cada unha das actividades que se desenvolverán por cada unha das modalidades, empregando o anexo II.

c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Declaración xurada de cumprimento das obrigas exixidas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Acreditación da personalidade e o apoderamento suficiente e subsistente de quen actúa en nome e

representación da entidade solicitante. Esta circunstancia farase constar mediante certificado expedido para tales efectos pola secretaría xeral da entidade solicitante e que, no suposto de agrupacións de concellos, deberá indicar que dispón de poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden a tal agrupación.

f) Certificado expedido pola secretaría da entidade solicitante en que se recolla o acordo do órgano municipal competente de solicitar as subvencións previstas nesta orde e a concreta finalidade para a cal se solicitan, indicando o orzamento total do proxecto con detalle dos custos de cada unha das actividades, organizadas por modalidades.

g) Declaración do representante legal da entidade solicitante en que conste o conxunto das axudas, subvencións, recursos económicos ou ingresos solicitados, aprobados, concedidos ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade para a cal se solicita a subvención.

h) Certificación bancaria.

Artigo 8º.-*Prazo de presentación.*

O prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Artigo 9º.-*Instrución e tramitación do procedemento.*

1. Será competente para instruír o procedemento, así como para formular a correspondente proposta de resolución, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os expedientes serán tramitados pola Subdirección Xeral de Ordenación Educativa da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A unidade encargada da xestión dos expedientes comprobará que as solicitudes cumpren co establecido nesta orde e, se é o caso, requirirá os interesados para que, no prazo de dez días, emenden as faltas ou acheguen os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixer así, se terán por desistidos da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á comisión de avaliación, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das subvencións, seguindo os criterios obxectivos recollidos no artigo 11º desta orde.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, unha vez finalizado o estudo e valoración das solicitudes por unha comisión de avaliación, e antes de redactar a proposta de resolu-

ción, procederá a expoñer no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>, na sección Convocatorias, a proposta provisional, que incluírá a relación de actividades subvencionadas e denegadas e a cantidade asignada a cada concello por cada unha das modalidades; así mesmo, concederelles un prazo de dez días para que formulen alegacións e presenten os documentos e xustificantes que consideren pertinentes. Esta información seralles comunicada a todos os solicitantes a través de correo electrónico.

3. Estudadas e valoradas as alegacións presentadas, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elevará proposta de resolución á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, indicando a concesión total ou parcial, ou a denegación, das axudas solicitadas e, de ser o caso, a exclusión daquelas entidades solicitantes que non reúnan algún dos requisitos da convocatoria.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e para a súa publicación na citada páxina web.

Artigo 10º.-*Comisión de avaliación.*

1. Crearase unha comisión para valorar as solicitudes presentadas que estará composta como segue:

a) Presidencia: persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou persoa en quen delegue.

b) Vogais:

a. Subdirectora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

b. Xefa do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa.

c. Xefe do Servizo de Recursos Educativos Complementarios.

d. Dous asesores técnicos da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

e. Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, con voz e sen voto.

Artigo 11º.-*Criterios de valoración e de distribución de axudas.*

1. A comisión de avaliación estudará os proxectos e actividades dos concellos que cumpran os requisitos da convocatoria, tendo en conta os seguintes criterios:

a) Existencia de Consello Escolar municipal (5 puntos).

b) Vinculación das actividades propostas coa problemática do contexto e/ou do contorno e coas características do alumnado (ata 10 puntos).

c) Calidade técnica e definición das actividades que se van desenvolver (xustificación da súa necesidade, adecuación de obxectivos, concreción e secuenciación de contidos, material didáctico que se vai empregar, mecanismos de avaliación de consecución de aprendizaxes por parte do alumnado (ata 20 puntos).

d) Distribución equitativa das actividades entre os centros e alumnado do concello (ata 10 puntos).

e) Uso da lingua galega no desenvolvemento das actividades (5 puntos).

f) Adecuación da distribución temporal das actividades ao longo do ano, como complemento do tempo escolar e como facilitadoras da conciliación da vida familiar e laboral (ata 5 puntos).

g) Canles, recursos e medios de difusión, comunicación e sensibilización á comunidade educativa dos obxectivos e accións do proxecto (ata 5 puntos).

h) Mecanismos de avaliación do proxecto (ata 10 puntos).

i) Cualificación do persoal, titulación, experiencia neste tipo de actividades e adecuación do seu perfil profesional ao tipo de actividade proposta (ata 20 puntos).

j) Mecanismos de coordinación entre o concello, os centros de orixe do alumnado e/ou de realización das actividades e as persoas encargadas de desenvolverlas (ata 10 puntos).

2. Todos os solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria recibirán unha cantidade proporcional á puntuación obtida no proxecto, e poderanse subvencionar aquelas actividades que acaden como mínimo 5 puntos. Naqueles casos en que non se autoricen as actividades dunha modalidade e que isto supoña, como consecuencia, o incumprimento do artigo 1º.2 desta convocatoria, que exige a participación polas modalidades A, B e C, o solicitante será excluído.

3. Para calcular a cantidade que recibirá cada solicitante, ratearase a cantidade global entre a suma de toda a puntuación acadada, para obter deste xeito a cantidade correspondente a cada punto, que será multiplicada en cada caso pola puntuación obtida.

4. Ningún concello recibirá unha dotación maior da solicitada, que poderá ser ata o 80%. A comisión poderá propoñer a redistribución proporcional por cada unha das modalidades dos remanentes xerados.

5. No caso de que non se chegase a adxudicar a totalidade do orzamento da modalidade D, pasaría a engrosar o atribuído á modalidade A.

Artigo 12º.-Resolución.

1. Será competente para ditar a resolución que proceda a titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O prazo para ditar e notificar a resolución que proceda será seis meses e contarase desde o día seguinte ao da finalización do prazo de solicitude.

2. A resolución favorable conterà, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Actividades concretas para as cales se concede, agrupadas por modalidades (A, B, C, D).

b) Importe da subvención outorgada e importe total do proxecto.

c) Calquera outra especificación que se considere oportuna en cada caso concreto; en especial, e tal e como determina o derradeiro parágrafo do artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o suposto de que a entidade beneficiaria sexa unha agrupación de concellos, deberán indicarse os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles.

3. Transcorrido o prazo de seis meses sen que se lle notificase a resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A resolución, ditada pola persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que incluíra os concellos -ou agrupacións de concellos- seleccionados, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da dita consellería nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas administrativas na Administración pública galega.

Artigo 13º.-Réxime de recursos.

As resolucións dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra delas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses e, para a entidade solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Malia o anterior, por ter o recorrente a condición de Administración pública, poderá facer uso do requirimento previo a que alude o artigo 44 da antedita Lei 29/1998.

Artigo 14º.-Compatibilidade.

1. Estas axudas son compatibles co aproveitamento doutro tipo de axudas de institucións públicas ou pri-

vadas destinadas ao mesmo fin, sempre e cando o importe das subvencións, axudas, ingresos ou recursos non supere o custo das actividades subvencionadas, tal e como establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do financiamento en todas as actuacións que derivan da execución do proxecto. Mencionarase expresamente a participación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e farase visible o seu logotipo.

Artigo 15º.-*Subcontratación.*

Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase expresamente as entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde para que subcontraten ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a realización das actividades susceptibles de ser subvencionadas. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

Artigo 16º.-*Contía das subvencións.*

O importe das subvencións que se poidan conceder para a realización das actividades subvencionables estará determinado pola aplicación dos criterios de valoración do proxecto establecidos no artigo 11º desta orde.

Artigo 17º.-*Pagamento das axudas.*

As cantidades concedidas con cargo ás aplicacións orzamentarias detalladas no artigo 2º desta orde seranlles transferidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aos concellos unha vez feita a debida xustificación de gastos, no período correspondente ao exercicio económico 2009.

Artigo 18º.-*Xustificación da subvención.*

1. A xustificación dos gastos realizados polo concello para a posta en marcha do programa farase antes do 20 de novembro de 2009, tendo en conta que se deberá xustificar o 100% do custo total das actividades subvencionadas, achegando a seguinte documentación á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa:

a) Certificación da intervención ou do órgano municipal que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade co detalle do custo das actividades por modalidades, así como do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

b) Memoria das actividades realizadas, organizadas por modalidades e axustadas ao proxecto presentado na solicitude. Debe estar asinada polo representante legal do concello ou agrupación de concellos.

2. Non se realizará o pagamento da subvención de non se cumprir o estipulado no punto 7º do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O incumprimento do prazo de xustificación dará lugar á perda do dereito de percibir a axuda outorgada.

4. O incumprimento, por non-execución, das actividades dunha modalidade, no caso de que supoña o non-cumprimento do artigo 1.2º, será causa de revogación da subvención.

5. A xustificación dun importe menor ao proposto suporá a minoración proporcional do concedido.

Artigo 19º.-*Avaliación e seguimento.*

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria levará a cabo o seguimento e a avaliación das actividades e aplicación de fondos.

O incumprimento total ou parcial das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión poderá dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Artigo 20º.-*Fiscalización e control.*

O beneficiario terá a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento destas actividades que foron obxecto de subvención nos termos regulamentariamente establecidos.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Contra esta orde os interesados poden interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segunda.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar as medidas necesarias para a execución e desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2009.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I



PROCEDIMIENTO SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO NOS CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2009	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED331A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE		Nº REXIS. DE ASOCIACIÓNS		CIF
[]		[]		[]
ENDEREZO				
[]				
PROVINCIA	CONCELLO		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[]	[]		[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO		CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL		TELÉFONO RECIBIR MENSAXES
[]		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		[]
CÓDIGO DO BANCO		CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[]		[]	[]	[]

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE

APELIDOS	NOME	NIF
[]	[]	[]

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DO PROGRAMA NA ENTIDADE SOLICITANTE

APELIDOS E NOME	TELÉFONO
[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO	
[]	

SOLICITA:

Acollerse á convocatoria de subvencións para o cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2009, nas modalidades:

A B C D *riscar o que corresponda*

DOCUMENTACIÓN QUE XUNTA (*)

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración xurada de cumprimento das obrigas exixidas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Proxecto e fichas das actividades para as cales solicita a subvención.
- Orzamento total do proxecto con detalle dos custos de cada unha das actividades.
- Acreditación da personalidade e o apoderamento suficiente e subsistente de quen actúa en nome e representación da entidade solicitante.
- Certificado en que se recolla o acordo do órgano municipal competente de solicitar as subvencións previstas nesta orde.
- Declaración en que conste o conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade para a cal solicita a subvención.

** Sinale cun X o que proceda*

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, AUTORIZO EXPRESAMENTE a Consellería de Educación e O.U. para a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos correspondentes, dos datos de carácter persoal que exixen as citadas normas, referidos tanto á información sobre as axudas concedidas como ás sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 5 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2009.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de _____		

ANEXO II

MODELO DE FICHA DE ACTIVIDADES ¹

CÓDIGO CONCELLO ²	MODALIDADE <input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> B <input type="checkbox"/> C <input type="checkbox"/> D	ÁMBITO DA MODALIDADE ³	CÓDIGO ACTIVIDADE ⁴	TÍTULO DA ACTIVIDADE
CENTRO EDUCATIVO ONDE SE REALIZA A ACTIVIDADE		CONCELLO	HORARIO DO CENTRO	
HORARIO DA ACTIVIDADE	DATA DE REALIZACIÓN (ANTERIOR AO 15-11-2009)	Nº ALUMNADO PARTICIPANTE	NIVEL EDUCATIVO (EL, EP, ESO, OUTROS)	
CUSTO DA ACTIVIDADE 100%	CUSTO DA ACTIVIDADE 80%	IMPORTE DOUTRAS SUBVENCIONS		
0,00 €	0,00 €	0,00 €		

XUSTIFICACIÓN ACTIVIDADE	ATA 2 PUNTOS
CONTIDOS:	ATA 3 PUNTOS
DESENVOLVEMENTO:	ATA 2 PUNTOS
PUBLICIDADE / DIFUSIÓN:	ATA 1 PUNTOS
PERSOAL:	ATA 2 PUNTOS
GASTOS INCLUIDOS:	

LINGUA QUE SE VAI EMPREGAR:	(Para cubrir pola Administración)
SINATURA DO/A ALCALDE/SA	PUNTUACIÓN
SINATURA E SELO	CONCESIÓN
DATA:	SI
	NON
	As actividades que non acaden 5 puntos non poderán ser propostas para subvención

¹ Cubrirase un anexo II para cada unha das actividades solicitadas.

² Para cubrir pola Administración educativa.

³ Empregarase o código do ámbito correspondente á modalidade sinalada.

⁴ Número correlativo de todas as actividades que solicita o concello.